



ACTA DE CONSTITUCION DA MESA DE CONTRATACION DA OBRA " MELLORA PAVIMENTACION CAMIÑOS RURAIS TUI. PLAN MARCO 2014-2015". APERTURA SOBRE Nº 1 "DOCUMENTACION ADMINISTRATIVA".

Na Casa Consistorial do Concello de Tui e ás nove horas do día 15 de xullo de 2015, constitúese a correspondente MESA DE CONTRATACION, formada polos seguintes membros:

Presidente: D. Enrique Cabaleiro González.

Vogais: D^a Irene Suárez López, secretaria do concello.
D. Aitor Iglesias Monzón, interventor do concello.
D. José Manuel Ferreiroa González, arquitecto técnico municipal.
D^a. María Yolanda Rodríguez Rodríguez, concelleira delegada de Urbanismo e Facenda.

Secretaría: D^a María Jesús Blanco Martínez, funcionaria do concello.

A Xunta de Goberno Local do Concello de Tui, en sesión celebrada o 28 de maio de 2015, acordou aprobar a contratación da obra "Mellora pavimentación camiños rurais Tui. Plan Marco 2014-2015", aprobándose proxecto técnico das obras, redactado polo arquitecto municipal, e autorizándose o gasto por un total de 83.497,94€ (Orzamento base: 69.006,56€. IVE 21% 14.491,38€), así como prego de cláusulas administrativas. O referido investimento ten unha achega concedida por AGADER por importe de 67.632,69€, subvención no marco do programa de mellora de camiños de titularidade municipal 2014-2015.

Publicado anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia e Perfil do Contratante, remata o prazo de presentación de propostas o día 6 de xullo do actual.

Preséntanse á licitación, dentro do prazo establecido na convocatoria, as seguinte empresas, de conformidade co listado emitido polo Rexistro de Entrada do concello:

- 1.- 01/07/2015. RE 6145. Asfagal Tecnicas Viarias, S.L., de Ourense.
- 2.- 01/07/2015. RE 6146. Construccions Caldevergazo, S.L., de Ponte Caldelas.
- 3.- 02/07/2015. RE 6159. Pavimentos e Vias de Galicia, S.L., de Vigo.
- 4.- 06/07/2015. RE 6211. Construccions Fechi, S.L., de Tomiño.
- 5.- 06/07/2015. RE 6219. Narom, S.L., do Porriño.
- 6.- 06/07/2015. RE 6220. COVSA, de Pontevedra.
- 7.- 06/07/2015. RE 6239. Excavacions e construccions Manuel Pérez Portela, S.L, do Rosal.
- 8.- 06/07/2015. RE 6241. Obras e Saneamentos Galicia, S.L., de Ourense.
- 9.- 06/07/2015. RE 6246. MARCONSA, de Caldas de Reis.
- 10.- 06/07/2015. RE 6247. Construcciones Vale, S.L, de Salvaterra de Miño.

Acto seguido se procede pola Mesa á apertura do sobre nº 1 "Documentación Administrativa" das empresas indicadas anteriormente.

Á vista da documentación presentada polos licitadores e certificados de inscrición no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, e dado que o certificado da empresa **Construcciones Vale, S.L.**, inscrita co nº 2318 no referido rexistro, indica que está en prohibición para contratar (art. 60 TRLCSP) por non acharse ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias da Comunidade Autónoma de Galicia (Data de emisión 04/06/2015. Data de validez. 04/12/2015) a Mesa de Contratación, por unanimidade, acorda:

Requirir á empresa **Construcciones Vale, S.L.**, con enderezo en Besadina, 2 - Leirado, cp 36457 Salvaterra de Miño (Pontevedra) aos efectos de subsanación da prohibición de contratar , nun prazo non superior a tres días hábiles.

De seguido se estende a presente acta, que trala súa lectura é asinada por tódolos asistentes, do que eu secretaria, dou fe.

A MESA DE CONTRATACION.

O ALCALDE

Asdo: Enrique Cabaleiro González.

VOGAIS:

A SECRETARIA DO CONCELLO.

Asdo: Irene Suárez López.

O ARQUITECTO TECNICO MUNICIPAL

Asdo. José Manuel Ferreiroa González.

A SECRETARIA DA MESA

Asdo. M^a Jesús Blanco Martínez

O INTERVENTOR DO CONCELLO

Asdo. Aitor Iglesias Monzón.

A CONCELLEIRA DE URABNISMO E FACENDA

Asdo. María Yolanda Rodríguez Rodríguez.